



**MEMORIA DE CALIDADE**

**FACULTADE DE FORMACIÓN DO  
PROFESORADO**

**Curso Académico: 2013-2014**

## Índice

---

	Páxina
Introdución	3
Estrutura da Facultade de Formación do Profesorado para o desenvolvemento do SGIC	4
Sistema de Garantía Interna de Calidade	7
Indicadores do SGIC	8
Informes de seguimento	10
Plan de melloras da Facultade de Formación do Profesorado	11

## Introdución

---

A Facultade de Formación do Profesorado é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia neste ámbito. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Formación do Profesorado elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Desde esta perspectiva, a Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado, correspondente ao curso académico 2013-2014, recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade e ao plan de melloras do centro para o curso 2014-2015, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado correspondente ao curso 2013-2014 contén un Plan de Melloras que foi sometido a un período de exposición pública para que os representantes dos distintos grupos de interese puidesen facer as súas achegas ou suxestións. Unha vez completado este trámite, a Memoria foi aprobada pola Comisión de Calidade con data 10 de febreiro de 2015 e pola Xunta de Facultade con data 16 de marzo de 2015.

## **Estrutura da Facultade de Formación do Profesorado para o desenvolvemento do SGIC**

---

**Ámbito de aplicación.** O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2013-2014 afecta a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2013-2014 foron:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil.
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria.
- Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas.
- Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Os graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, así como o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas, impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación.

**Documentación de referencia.** Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e do Manual do SGIC e procesos asociados, a que se inclúe a continuación:

- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza pola USC.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Formación do Profesorado (pendente

de aprobación polo Consello de Goberno da USC).

- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo decanal, a Comisión de calidade, o/a responsable de calidade do centro, as comisións de título e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e tamén no Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado. Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade do centro durante o curso 2013-14:

#### MEMBROS DA CCC

O Decano e Responsable de calidade da Facultade de Formación do Profesorado, quen convocará e presidirá.

A Vicedecana.

A Secretaria, que actuará como secretaria da Comisión.

Os/As coordinadores/as de título: Grao en Mestre/a de Educación Infantil; Grao en Mestre/a de Educación Primaria; Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas; Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza; Diplomaturas en Mestre/a (a extinguir).

Os/As coordinadores/as de curso dos graos.

As coordinadoras do Prácticum dos graos.

A Responsable da Unidade de apoio á xestión.

1 representante do alumnado.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGIC na Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias: informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora, e memorias de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título.

Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2013-2014:

- 30 de abril de 2014, co obxecto de aprobar a Memoria de Calidade 2012-2013 e a modificación da composición da propia comisión.
- 30 de outubro de 2014, co obxecto de aprobar as modificacións do Manual Simplificado do SGIC da Facultade e os Informes Anuais de Seguimento dos Graos en Mestre 2013-2014.

## Sistema de Garantía Interna de Calidade

---

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) conforma un elemento esencial na política e actividades formativas da USC. O seu obxectivo básico é garantir a calidade de todas as titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos, de xeito que se facilite a acreditación das titulacións e o mantemento da mesma, así como a satisfacción das necesidades e expectativas dos grupos de interese.

O SGIC marco da USC está deseñado seguindo os modelos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade (ANECA) e mais da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e está articulado en 9 criterios e 46 directrices construídos sobre 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES. Os documentos que configuran o SGIC son o "Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos". Ambos os dous documentos, así como o "Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade", están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html>

A Comisión de Calidade do Centro e, posteriormente, a Xunta de Facultade aprobaron as modificacións do Manual Simplificado do SGIC, motivadas pola necesidade de realizar cambios no panel de indicadores para mellorar a información proporcionada de forma centralizada para o seguimento dos SGIC. Finalmente, o Consello de Goberno, na sesión do día 4 de febreiro de 2015, aprobou esta modificación do Manual Simplificado do SGIC (versión 03), así como a actualización do Manual de Procesos e Procedementos do centro (versión 02).

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2013-2014 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento.

## Indicadores do SGIC

---

O SGIC marco define 50 indicadores, cuxos datos correspondentes ao curso 2013-14 son subministrados pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos.

<http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/>

### INGRESO

A relación entre os datos correspondentes ás prazas ofertadas, matrícula de novo ingreso e matrícula de inicio de estudos demostra o interese e atractivo das titulacións que se ofertan na Facultade de Formación do Profesorado, especialmente no que se refire aos graos, que amosan unha demanda sostida nos últimos anos. Neste senso, tanto a matrícula de novo ingreso como a de inicio de estudos ofrecen valores semellantes desde 2012. No tocante aos cursos ponte, implantados por vez primeira nesta Facultade no curso 2013-14, están a se desenvolver de xeito satisfactorio, cubríndose a totalidade das prazas ofertadas.

### MOBILIDADE

A maior parte dos estudantes proceden de Galicia, sendo menos do 3% os que proceden doutras comunidades españolas (Asturias, Castela e León). No que se refire á mobilidade exterior ou internacionalización das titulacións que oferta a Facultade, os datos son pouco alentadores: a porcentaxe de estudantes estranxeiros non chega ao 0,5. En definitiva, as titulacións non presentan problemas en relación co número total de alumnos matriculados, pero si no que se refire á súa proxección nacional e internacional. As reducidas porcentaxes de mobilidade entrante e saínte obrígnanos a seguir esforzándonos de cara á captación de estudantes de fóra de Galicia e estranxeiros, malia que este obxectivo se desenvolva en circunstancias moi pouco favorables.

### RECURSOS HUMANOS

Cómpre reflexionar sobre a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de reposición de efectivos por xubilación e contratación de novo profesorado para cubrir as necesidades docentes, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións



de precarización laboral ás que se ve sometido. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total amosa unha tendencia descendente e sitúase actualmente en torno ao 45%, como consecuencia das baixas taxas de reposición e da proliferación de contratos de baixa calidade. Algo semellante ocorre se analizamos a porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total, que nos últimos anos pasou do 68,0 ao 63,5%. No entanto, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI total parece indicar unha tendencia lixeiramente ascendente, aínda que non chega ao 30%. A explicación destes datos negativos podemos atopala en circunstancias de diverso tipo que dificultan unha dedicación ampla do profesorado a tarefas investigadoras.

Precisamente en relación co anterior, cómpre indicar que a ratio de estudantes por profesor a tempo completo mantense en taxas moi superiores á media da USC e que, ademais, van en aumento, o que é trasladable tamén a media de alumnos por grupo, dado que a maior parte das áreas de coñecemento implicadas na docencia son moi deficitarias.

En resumo, o cadro de persoal docente e investigador con que conta a Facultade está cambiando de forma acelerada, no senso de redución de PDI funcionario e incremento de PDI contratado interino e a tempo parcial. Isto dificulta o relevo xeracional ordeado e limita tanto a capacidade investigadora como a promoción do profesorado.

## **RECURSOS MATERIAIS**

A Facultade de Formación do Profesorado continúa a padecer evidentes limitacións de espazo para un desenvolvemento realmente axeitado da docencia, ante o aprazamento dunha solución definitiva ao feito de que case a metade do edificio propiedade da USC está ocupada polo CEIP Anexa. Por outra banda, os centros universitarios ubicados no Campus de Lugo non dispoñen de servizo de reprografía. En resumo, as instalacións, recursos e servizos da Facultade, aínda que se poidan considerar suficientes para desenvolver a actividade docente e investigadora, presentan visibles limitacións e insuficiencias para o seu funcionamento ordinario.

## **RESULTADOS**

Os indicadores sobre resultados ofrecen valores moi positivos. Estamos a falar de taxas superiores ao 91% (rendemento), 95% (éxito) e 96% (avaliación). Debemos mellorar, non obstante, algúns aspectos do funcionamento administrativo, en particular o proceso de entrega das actas dentro dos prazos previstos.

## Informes de seguimento

---

Os Informes Finais de Seguimento (2012/2013) dos títulos de Graduado/a en Mestre de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria reflicten unha valoración “Non conforme” debido, principalmente, á ausencia total de evidencias que demostren a existencia de coordinación entre os dous centros onde se imparten estes títulos.

Pola súa banda, os Informes Finais de Seguimento (2012/2013) dos títulos de Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas e Máster Universitario en Dirección de Actividades na Natureza sinalan unha valoración “Conforme”.

Polo que se refire ao curso 2013-2014, na Facultade de Formación do Profesorado impartíronse os seguintes títulos:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil.
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria.
- Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas:
  - a) Especialidade de Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática (itinerario de Ciencias Experimentais).
  - b) Especialidade de Formación Profesional (itinerario de Sector Primario e Secundario).
  - c) Especialidade de Linguas e Literaturas (itinerario de Linguas Estranxeiras).
- Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

As distintas comisións competentes (Comisión de Coordinación Intercentros no caso dos Graos e Comisións Académicas no caso dos Másteres) elaboraron os respectivos informes de seguimento correspondentes ao curso 2013-2014. Estes informes foron enviados á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC para a súa posterior remisión á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Plan de melloras da Facultade de Formación do Profesorado

---

O plan de melloras da Facultade de Formación do Profesorado elaborouse tendo en conta as propostas de mellora incluídas nos informes de seguimento de cada unha das titulacións impartidas no centro. Deste xeito, son accións específicas do plan de melloras do centro para o curso 2014-2015 as que se detallan a continuación.

### AM-01. Recoller evidencias sobre a adquisición de competencias dos graos en Mestre.

Orixe acción: Informes Anuais de Seguimento dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, así como recomendación da ACSUG.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada nos Informes Anuais de Seguimento e cumprimento da recomendación da ACSUG.

Definición/descrición proposta: Avanzar na recollida de evidencias sobre a adquisición de competencias dos títulos por parte dos estudantes, mellorando e ampliando a explotación das enquisas que actualmente se están a administrar ao alumnado sobre o funcionamento dos graos.

Responsable: Coordinadores dos títulos; coordinadores dos cursos.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Xullo 2015

Data inicio: Novembro 2014

### AM-02. Aumentar a difusión das guías docentes na páxina web da Facultade.

Orixe acción: Informes Anuais de Seguimento dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada nos Informes Anuais de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Aumentar a difusión e visibilización das guías docentes das materias a través da páxina web da Facultade.

Responsable: Decano da Facultade; Coordinadores dos títulos; coordinadores dos cursos.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Xullo 2015

Data inicio: Novembro 2013

### AM-03. Mellorar a incorporación do profesorado aos programas de formación continua e ao Programa Docentia.

Orixe acción: Informe Anual de Seguimento do Grao en Mestre/a de Educación Infantil.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada no Informe Anual de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Aumentar a participación do profesorado nos cursos programados polo PFID e no Programa Docentia.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Xullo 2015

Data inicio: Novembro 2014

**AM-04. Recuperar espazos no edificio da Facultade e reestablecer o servizo de reprografía.**

Orixe acción: Informes Anuais de Seguimento dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada nos Informes Anuais de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Reiterar a necesidade de atopar unha solución definitiva ao feito de que case a metade do edificio propiedade da USC está ocupada polo CEIP Anexa. Recuperar o servizo de reprografía no Campus de Lugo.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Xullo 2015      Data inicio: Novembro 2014

**AM-05. Reducir a taxa de actas fóra de prazo.**

Orixe acción: Informes Anuais de Seguimento dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada nos Informes Anuais de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Xestionar os calendarios de exames e o peche e sinatura de actas para reducir a taxa de actas fóra de prazo ao promedio da USC.

Responsable: Secretaria da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Xullo 2015.      Data inicio: Xaneiro 2015.

**AM-06. Elaborar unha táboa de validacións entre os graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.**

Orixe acción: Informe Anual de Seguimento do Grao en Mestre/a de Educación Primaria.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada no Informe Anual de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Elaborar unha táboa de validacións entre as materias que integran os títulos de grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.

Responsable: Comisión de Coordinación Intercentros.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Marzo 2015      Data inicio: Xaneiro 2015

**AM-07. Mellorar aspectos da coordinación docente no Máster en Profesorado de Educación Secundaria.**

Orixe acción: Informe Anual de Seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada no Informe Anual de Seguimento.

Definición/descrición proposta: A proposta prevé dúas actuacións complementarias: potenciar a Subcomisión de coordinación e revisar as fichas das materias por especialidades.

Responsable: Coordinadora do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Abril 2015      Data inicio: Novembro 2014

**AM-08. Poñer algúns TFM que poidan servir de modelo a disposición dos estudantes do Máster en Profesorado de Educación Secundaria.**

Orixe acción: Informe Anual de Seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada no Informe Anual de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Seleccionar exemplos de TFM por especialidades e

realizar as xestións necesarias para publicalos no repositorio MINERVA da USC.

Responsable: Coordinadora do Máster; Comisión Académica do Máster; Subcomisión de coordinación do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Marzo 2015      Data inicio: Novembro 2014

AM-09. Realizar novas consultas con asociacións interesadas no Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza e recoller información actualizada do seu interese.

Orixe acción: Informe Anual de Seguimento do Máster DAEN e recomendación da ACSUG.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada no Informe Anual de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Coa finalidade de detectar novas necesidades na formación dos estudantes, cómpre efectuar unha consulta neste sentido a persoal de institucións, empresas, organizacións ou asociacións que realicen actividade educadora no medio natural.

Responsable: Coordinador do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Setembro 2015      Data inicio: Febreiro 2015

AM-10. Analizar en profundidade o sistema de avaliación de obxectivos e competencias do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Orixe acción: Informe Anual de seguimento do Máster DAEN.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada no Informe Anual de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Realizar unha análise en profundidade do sistema de avaliación de obxectivos e competencias, explicitar indicadores de logro e establecer procedementos de recollida de información dirixidos aos colectivos que poidan valorar a adquisición real das competencias do título, tales como egresados e empregadores.

Responsable: Coordinador do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Setembro 2015      Data inicio: Febreiro 2015

AM-11. Crear unha Comisión Externa de Seguimento do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Orixe acción: Informe Anual de seguimento do Máster DAEN.

Descrición orixe: Proposta de mellora formulada no Informe Anual de Seguimento.

Definición/descrición proposta: Crear unha comisión estable externa de carácter consultivo composta por profesorado do Máster DAEN, egresados e representantes do mundo empresarial ou asociativo con interese no título.

Responsable: Coordinador do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: Xuño 2015      Data inicio: Marzo 2015